



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E ACTIVIDADES FESTEIRAS DO MUNICIPIO (2021)

Expte. 2021003519Sv

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 125 do 29/06/18 publicouse o extracto das bases específicas que rexerán a concesión de subvencións para o fomento do asociacionismo e actividades festeiras do municipio, aprobadas en sesión plenaria celebrada o 16/05/18. O seu texto íntegro está publicado na sede electrónica do Concello de Nigrán (<http://sede.nigran.org>, apartado "Transparencia", subapartado "Taboleiro de anuncios").

1. OBXECTO

O Concello de Nigrán convoca o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades de fomento e consolidación do asociacionismo no municipio (apdo. 4.1 das bases específicas) durante o ano 2021.

2. NORMATIVA E BASES REGULADORAS

A presente convocatoria rexerá polas súas bases específicas, aprobadas por este Concello en sesión plenaria de 16/05/18 con extracto publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 125 do 29/06/18, e texto íntegro publicado na sede electrónica do Concello de Nigrán (<http://sede.nigran.org>, apartado "Transparencia", subapartado "Taboleiro de anuncios") ademais de polo previsto na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

3. BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións obxecto da presente convocatoria as asociacións ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro que, cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

4. FINANCIAMENTO

A contía máxima da convocatoria ascende a 25.000 euros con cargo á consignación orzamentaria reflectida na partida 924 48000 do Orzamento prorrogado para o 2021.

5. CONTÍA DAS AXUDAS

A presente convocatoria refírese ás dúas modalidades previstas na base 4ª das bases específicas aprobadas en sesión plenaria do 16/05/18: fomento e consolidación do asociacionismo (apdo. 4.1) e actividades festeiras (apdo. 4.2).

As subvencións para a modalidade de fomento e consolidación do asociacionismo concederanse de acordo cos criterios establecidos nos apdos. 4.1 e 5.1 das bases específicas.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

As subvencións para a modalidade de actividades festivas concederanse de acordo cos criterios establecidos nos apdos. 4.2 e 5.2 das bases específicas.

Establécese un importe máximo total subvencionable por entidade de 1.500 euros.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Poderán presentarse solicitudes de axudas durante o prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) nos termos establecidos no art. 20.8 da Lei da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As solicitudes presentaranse de acordo co establecido na base 6ª das bases específicas.

7. PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto de subvención, os beneficiarios deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a documentación xustificativa relacionada na base 10ª das bases específicas.

O prazo máximo para presentar esta documentación será o 15 de novembro da anualidade á que se refire a convocatoria. ”

**A Alcaldía Presidencia
á data da sinatura electrónica**

